



Contesta:

1- A gráfica representa dous hidrogramas (A e B) obtidos no mesmo punto dunha canle e baixo un réxime pluviométrico similar, o A uns anos antes que o B.




- a. Comenta brevemente a resposta do río en cada caso.
- b. Que actuacións foron desenvolvidas sobre a cunca que expliquen o distinto comportamento do río?
- c. Que consecuencias ambientais (favorables ou desfavorables) poden derivarse das actuacións sobre a cunca hidrográfica?

2.- a) Compara os dous hidrogramas e explica a que poden ser debidas as diferenzas. b) Cal se parece máis aos ríos da túa rexión.



3.- a) Indica os riscos que afectan ao pobo (1), á estrada (2), á vía de ferrocarril (3) e ás hortas (4). b) Señala unha medida estrutural e outra non estrutural para atallar estes riscos.



Solucións:

1.- a) O hidrograma anterior no tempo A, é o hidrograma natural do río. Representa un réxime fluvial irregular cun caudal máximo ou punta de ata $50 \text{ m}^3/\text{s}$, e o mínimo ou de estiaxe case seco.

O hidrograma B, posterior no tempo, está laminado pois o río presenta un caudal máis regular, con menos diferenzas entre o máximo e o mínimo.

b) A actuación realizada podería ser un encoro, que regula o caudal dos ríos diminuíndo o risco de inundación (salvo rotura).

c) Os encoros presentan consecuencias para o medio tanto favorables, ao diminuír as enchentes, e desfavorables como a alteración da dinámica natural do río, ao atrapar sedimentos, prexuízo para a fauna e modificación do entorno natural.

Os encoros teñen tamén vantaxes polo uso enerxético, de abastecemento e recreativo, así como impactos sociais e naturais.

2.- a) O nº 1 corresponde a un réxime irregular, propio de ríos de climas con diferenza estacionais con respecto como o mediterráneo, mentres que o nº 2 corresponde a ríos de climas húmidos sen secas importantes, como o oceánico.

b) O clima predominante en Galicia é o oceánico, temperado e húmido, con menores precipitacións en verán, pero sen seca importante, polo que o nº 2 sería máis representativo.

3.- a) Poderíamos citar:

No pobo: afundimentos causados por estar sobre rochas calcarias (relevo cárstico).

Na estrada: inundacións e fenómenos de aba

No ferrocarril: inundación e fenómenos de aba (desprendemento)

Nas hortas: inundación.

Hortas e vías de comunicación están sobre a chaira de inundación.

Se ademais, a falla representada no terreo fose activa, podería haber risco sísmico (risco interno).

b) Medidas estruturais: para reducir os riscos de fenómenos de aba teríamos redes de protección, muros de contención, reforestación; para o risco de inundación un encoro.

A medida non estrutural máis indicada vén a ser a ordenación do territorio, evitando a ocupación humana das zonas de risco.